


# Babel

A corrupción e o kaputt da monarquía  
Evolución da Ecoloxía en tempos de  
crise Memoria, desmemoria e mentiras  
O tempo dos idiotas Por Santigoso  
achegámonos á centola O patacal de  
Caixa Ourense na Gonza Un dos  
nosos: Juan Antonio Álvarez Quiroga

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2013. Nº 7



## EDITORIAL

### A corrupción e o kaputt da monarquía

Vivimos nun orde social onde parece que o roubo dos bens públicos non é delito. Mais si se violenta unha oficina de crédito ou a un acumulador de riquezas, que fixo a fortuna explotando ou estafando a cidadáns, alporízase os creadores de opinión e piden a inmediata intervención das forzas represivas do Estado. Escandalízanse e esixen máis policía, máis cadeas, máis reformas do código penal. Todos os medios públicos e privados son poucos contra da pequena delincuencia social. Pola contra eses mesmos “indignados” ven como natural a legalización mediante amnistías fiscais de ladróns de guante branco. Moitas veces considerados, por descerebrados, como tipos exemplares, cando non como perseguidos por a vinganza da xustiza ou de loitas políticas (Mario Conde, Ruiz Mateos, De La Rosa...).

Dende o Antigo Réxime que consideraba todo atentado ao patrimonio común como delito contra a persoa do monarca ata a situación actual onde só é penado cando o que o comete non forma parte das elites que conforman o enramado corporativo dun Estado corrupto nacido da vontade do ditador. Porque a corrupción é inherente cun sistema asentado no privilexio dos menos sobre os máis e vaise estendendo polo corpo político enfermo como un herpes que aínda que algunhas veces parece curar segue a crecer día a día, semana a semana, mes a mes, contaminando e podrecendo o corpo social. Son tantos e tan profundos os escándalos que a peste xa chegou ao corazón do sistema e estanse a pensar dende as cloacas madrileñas: FAES, seitas católicas, patronais dereitistas e banqueiros franquistas, na substitución do xefe do Estado.

Nos non estamos por un simple cambio de careto coroadado nas moedas do euro. Nos non estamos pola prolongación no tempo dos privilexios dos actuais ou futuros novos urdangarines e familia, cristinas, corinnas, bárcenas e os coirenta ladróns, ratos, méndez, gaiosos, gurteles, camps, matas, matos, divares, baltares, pujoles, díaz ferranes... Estamos pola disolución do bipartidismo que goberna o Estado español e que se financia como pago por manter os privilexios da banca (preferentes, desafiuzamentos) e do empresariado (reforma laboral a súa medida) a costa dos mais desfavorecidos (seis millóns sen traballo). Queremos un novo pacto político de mínimos que afonde nos dereitos democráticos nun marco federal. Queremos eleccións á cortes constituíntes que manden ao baúl da historia esta calamidade de dinastía borbónica. É o momento de desfacernos da caspa e a roña que padecemos dende hai case oitenta anos.

Porque é necesario extirpar de raíz a todos os parasitos que viven do esforzo dos cidadáns.

## ECOLOXÍA

# Evolución da Ecoloxía en tempos de crise

*Lolo Gómez Segura*

Nos tempos que corren da medo empezar a falar de ecoloxía, sendo máis doado plasmar o desasosiego que está caendo. A Natureza é unha das grandes paganas do momento converténdose así no protagonista dun permanente ERE -expediente de regulación ecolóxico-. E o patrón encargado de aplicar o recorte é a Administración. Isto ven a conto de que non sendo eu un ecoloxista militante si considérome unha persoa preocupada polo meo entorno natural e observo como dende anos atrás imos retrocedendo na defensa, recuperación e protección do Medio Ambiente, que a fin de contas forma parte do noso patrimonio.

Nos derradeiros anos asistimos en Galicia en xeral e en Valdeorras en particular a un incremento da desidia en deixar facer e pasar de todo no relacionado ca Natureza. Pola contra a hipocrísia instalase nos organismos cando de legislar tratan neste asunto e así a propia Xunta de Galicia nos sorprendeu no ano 2011 cunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000. Somos a comunidade autónoma do Estado Español co porcentaxe máis ínfimo de protección do seu territorio, concretamente un 12,1%, que agora, e so a requirimento das Autoridades Europeas e por mor de perda de subvencións, o Goberno galego amplía

ata un 15,2% o espazo merecedor de protección. As comunidades limítrofes como Castela-León e Asturias teñen na actualidade un porcentaxe de protección do 26% e 29% do seu territorio. Claramente estamos no furgón de cola do Estado.

Mais esta ampliación ten truco. Se crean novos LICs (Lugar de Interese Comunitario) que non entramos a analizar (importantes os artigos aportados pola asociación ecoloxista ADEGA). Ímonos centrar no noso contorno de influencia e das súas graves carencias. Na zona de Pena Trevinca se reduce a protección para parte das beiras dos ríos Xares na Veiga e do Bibeí en Viana do Bolo (¿futuribles centrais hidroeléctricas?), e tampouco se di nada das turbeiras alpinas, únicas en Galicia. No Parque da Serra de Enciña da Lastra se elimina o corredor de continuidade previsto entre este parque e o Courel a través dos montes de Vilamartín por riba dos pobos de San Vicente, Cernego e O Robledo. Aquí, xa está despexada a causa: instalación dun parque eólico. Dentro deste mesmo parque, a empresa de explotación de áridos, Cantera Peña Argel S.L., ten solicitado permiso de ampliación da canteira de pedra sita na zona de Barredos en Rubiá, e a Xunta está estudando a extensión da nova concesión e xa levan tres anos. ¡Non hai xeito! E teño que dicir



que estas ampliacións da zona da Rede Natura 2000 estaban previstas polo goberno bipartito da Xunta (PSOE+BNG) sendo conselleiro de Medio Ambiente, Pachi Vázquez, de triste recordo para os amantes da natureza.

Aínda que non afecta a Valdeorras, e no corazón da zona protexida da Ribeira Sacra, a Xunta de Galicia está a permitir novas obras no embalse de San Estevo para aumentar a capacidade de produción hidroeléctrica. Falo desto porque o relaciono ca instalación da liña de alta tensión entre Trives e Zamora, co peregrino argumento de servir de transporte de electricidade para o AVE de entrada a Galicia, cando o que se busca é que esta liña que arrasou cunha multitude de espazos arborados, máis de 200.000 metros cadrados, sirva para transporte dos excedentes eléctricos de novos embalses e parques eólicos que se van a instalar no Macizo Central e Trevinca.

Os diferentes grupos ecoloxistas galegos e comunidades de montes afectadas están a pedir a blindaxe das zonas que xa son Rede Natura 2000 aínda que, como vemos, con escaso éxito. No territorio galego séguese a defender a "barra libre" para certos intereses: novas plantacións de eucaliptos, liberalización da Lei de Costas (eliminación dos 500 metros de liña costeira cara o interior sen construír), licencias de caza a mogollón sen preceptivos trámites de exames nin taxas (en Galicia hai 70.000 licencias de caza e 130.000 armas de fogo censadas, en España estamos preto dun millón de licencias cando o exército do estado español está composto de 80.000 homes), ampliación das épocas de caza, batidas de xabaris todo o ano, caza de raposo con fines deportivos, persecución sistemática do lobo para salvar a cabana gandeira cando hai subvención por ataques destes animais...

Mentres a Xunta de Galicia escatima esforzos para ampliar a Rede Natura 2000, como recomendan dende Bruxelas, en Valdeorras as autoridades, salvo honrosas e puntuais medidas do Concello de O Barco, seguen na máis das absolutas inoperancias en este asunto. Como fai o Concello de Carballeda que se limita a deixar que uns funcionarios enviados dende Santiago instalen un par de carteis de Peña Trevinca como zona

de Rede Natura 2000. Este concello, único de Valdeorras que non ten un céntimo de euro en préstamos, sigue pensando que cas canteiras de lousa ten un "maná" inacabable. As diferentes comunidades de montes de Carballeda de Valdeorras limitanse a recadar das empresas extractivas o aluguer dos seus montes sen pagar un peso en impostos as arcas municipais. Hai un acordo, e outra vez é Bruxelas que pon as pilas, a nivel europeo de dotar con fondos especiais a recuperación de pobos mineiros do Norte de España, que no seu día se dedicaban a explotación do wolfram. A corporación municipal de Sobradelo volverá a mirar para outro lado no caso de Valborraz (xa no ano 2003 o Club Peña Trevinca propúxolle a alcaldesa a reconversión de Valborraz nun centro de interpretación da minería, da historia e da natureza... sen recibir resposta), agora teñen unha nova oportunidade.



En ningún concello de Valdeorras chegouse a desenvolver as figuras de protección de espazos naturais regulados na Lei 9/2001 de 21 de agosto da Xunta de Galicia, no referente aos ENIL (espazos naturais de interese local) e os EPIN (espazo privado de interese natural). Foi unha vez máis o Club Peña Trevinca quen propúxolle a

Xunta de Galicia o recoñecemento para certos espazos, e só conseguíuno de un: o centenario Teixo de Cereixido. No concello de O Barco, despois de recibir a proposta, tivemos moi boas palabras pero nada de nada. E, como exemplo de ineptitude, o tremendo bosque de ribeira que se pode observar nas dúas marxes do río Sil no seu percorrido por Valdeorras fica sen protección. En Vilamartín, o anterior alcalde do PSOE, comezaba a preparar algunhas rutas de senderismo, pero foi apartado do cargo, descoñecendo as intencións da nova corporación.

E falando doutros concellos, como o de A Rua, o de Petín, o de Larouco, o do Bolo, o da Veiga (aquí estráñase a anteriores mandatarios), o de Viana, o de Trives... só veñen a mente actuacións ligadas a mover o bandullo: festa do botelo, festa da empanada de costrelas, da bica, da androlla, do cabrito, da febra, ruta das covas, das adegas de O Castro, do xabari, do calimocho, do pulpo, etc,etc. Joder; canto costa botar unha ollada para nosa natureza e pensar menos cas tripas.

## Memoria, desmemoria e mentiras: desinformación

Basilio Cobo

Un feito que chama a atención nos últimos tempos e a perda de confianza nos parlamentarios nacionais e autonómicos, políticos municipais e das diputacións. Ante esta cuestión se plantexan, entre moitas, dous teses coincidentes nas súas conclusións pero de orixes diverxentes:

Unha destas teses parte da xustificación do Golpe militar do 1936 en base a unha situación semellante a actual: o marasmo republicano provocado polos partidos e sindicatos, etc. Tese que subxace no franquismo sociolóxico ou inconsciente colectivo hispano-imperial, cuxa expresión máis aguerrida está representada pola Merenda do choco-churro ou *tea party at five o'clock* e a súa lideresa, na que debido a unha disonancia cognitiva colectiva alimentada pola razón intereconómica mundial do abc-g-zeta (a celulosa dos arbres non deixa ver a fraga) considera que todo -crise económica, política e España- se arranxaría volvendo a situación anterior: non preconstitucional polo que significaría admitir o que vai dispois do prefixo, senón anterior-anterior en que todo era máis un, máis grande e máis libre: para eles e todos os seus descendentes.

A outra tese mantén o mesmo razoamento pero a súa orixe está na indignación, noutrora desencanto no mal chamado espírito da transición, que non foi outra cousa

que unha transfusión para des-animizar o sangue noble, azul e variopinto do poder o unha transacción político-económica para

que todo quedara atado e ben atado.

A cultura da transición (CT), cos seus excluídos e as súas inclusións ou incrustacións culturais, é a filla da expúrea da reconciliación nacional outrora recomendada polo PCE; a pouco que se escarve no seu artellamento e mantemento como tal o seu análise esta contido nos textos situacionistas, agás que no Estado español os media e a dereita nunca admitiron nin admitirán a malevolencia e a violencia da ditadura franquista; consciente desto a nova CEDA, representada polo PP, nos seus turnos de poder toma posesión dos *media de comunicación verticais* con precisión militar e estratéxica, a un tempo que fornecen mediante subvencións encubertas? aos medios de comunicación afines e serviles, a provocar un *dumping* provincial, autónomo e estatal que afoga a libre expresión independente, molesta.

Daí que nestos anos veremos reforzar as leises de control dos *medios de comunicación horizontais*: individuais ou colectivos (2.0): *tweet*, SMS, *blogs*, *wiki* (a lei que pretende o senado italiano de bloquear información aparecidas na Wikipedia; as multas por *re-tweetear* un posible bulo-noticia etc. ou gallardoso intento de criminalizar os SMS como fonte de convocatorias de manis espontáneas; a desmesurada indemnización polas cha-

madas en contra do pago a delinquentes en *reality shows*). Pero o que se está a buscar é penalizar e castrar o eco das noticias non




favorables á dominancia, o control da expansión horizontal do rumor, que si antes era a través do boca a boca e do dixome-dixo, hoxe a pontencialidade do mesmo trascende a xeografía local.

O saber ocupa lugar, os datos en exceso de calquera natureza rebordan a capacidade persoal da nosa memoria, sería como se de cando en vez houberse necesidade de mandar a papelera de reciclaxe a fatura de información, isto significa unha perda de memoria recente e lonxana en proporcións medrantes. O olvido é un paradigma da publicidade e a propaganda, a recreación de falsas ilusións novedosas sigue a nos enganar a engadar, chámolle *efecto Walt Disney extendido*, o conto de Blancaneves todo o mundo o sabe, pero nos cativos recén apeados ao mundo é un (re/)estreno de éxito. Os políticos, usan e abusan deste efecto coa sociedade civil, basándose na capacidade de olvido, esquecemento, desmemoria, perpetuáse o mesmo discurso como novo, único, infalible como a verba do bispo católico de Roma, reciclando a mesma mentira a través dos *mass-media verticais* ou de *sentido unívoco*, axudados polos corifeos, sicofantes e malsins reforzadores da disonancia cognitiva (fanatismo) dos seus seguidores ou siaeiros.

A mentira como institución dentro do discurso político, é cousa vella, vaise valer de *tropos* ou *neoloxismos* que bloquerán o efecto evocativo que posue toda palabra. Mentir é faltar a verdade coa complexidade que supón tal definición nunha maneira de pensar dual e simple. Usan a palabra axustes ou reformas por recortes; flexibilizar o mercado laboral por abaratar o despido; recesión por taxa negativa de crecemento económico; conxelación de salarios por mellorar a competitividade (aumentando a plusvalía); emprendedores por empresarios; participaciones preferentes por instrumentos híbridos(=estéreis?); instrumentos computables por accións; débedas do ladrillo por activos tóxicos inmobiliarios; rescatar bancos-caixas con diñeiro público por facilitar a xestión activa do patrimonio;

banco malo por a Sociedad de Gestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria (Sareb); axudas aos aforradores por rebaixas fiscais aos máis ricos; violencia no entorno familiar por violencia machista; repago por copago sanitario ou ticquet moderador...

A necesidade de calquer *cambio de réxime*



de utilizar neoloxismos como imposición do novo poder sobre a cidadanía é clasico no nazismo e os totalitarismos (Victor Kemplerer, *Diarios 1933-1944*. G e o r g e s Orwell, 1984). Nesa recreación retórica da linguaxe están a soberbia das *cantinfladas* -que non deixan de ser mentiras

por omisión por non responder o político ao que se lle pregunta, o que por outra parte van ser a chularía das *rodas de prensas* sen preguntas de xornalistas, a outra cara da moeda do autoritarismo.

Coa repetición continuada dun mantra - consigna que reforza unha mentira do pasado, inténtase recrear o pasado ideolóxicamente, sementados dúbidas e reforzando a memoria selectiva e/ou disonancia cognitiva: toda a 1ª lexislatura de Zapatero estivo infestada pola conspiranoia de ETA coma autora do 11-M.

A liberdade de expresión é a coartada usada polo xornalismo amarelo para expandir impunemente bulos, dentro da estratexia global de confusión: calquera noticia verdadeira non deixará de ser un posible bulo. *A desaparición de ETA* como problema ou excusa para todo tipo de atallos xudiciais e procacidades xornalísticas ten para España un significado histórico similar a caída do muro de Berlín para o mundo: supón a fratura da Cultura da Transición ou Consenso Constitucional, a caída dos seus alicerces tópicos como forma de estado, a abanadura da monarquía, tanto a nivel xornalístico como de gobernanza; sig-

nifica a develación da vocación totalitária da dereita ante o Estado do benestar no económico. A historia repítese en caricatura, estamos a vivir a fin do turnismo da re-instauración borbónica, se durante o turnismo Canovista sostívose mediante a masonería e a hostilidade do carlismo borbón, o turnismo actual sostívose co Opus e a hostilidade de ETA. Morto o can acabouse a rabia.

O PP está desmadrado, perdeu os límites do consenso social, coa súa maioría absolutista nos tres ámbitos de goberno, aparte da falta de ideas e imaxinación orixinais (todo ven de Europa vía *teaparty*) está a amosar a súa vocación CEDAísta: patria, patróns e palio; a reventar os piares da convivencia pacífica: nacionalismos, sindicatos, laicismo, educación, sanidade e pensións. Provocando o caos ou enfrontamentos nesas tesituras para xustificar a súa desaparición ou externalización: crítica a necesidade autonomías, privatización sanidade...García-Margallo equipara o referendo sobre a independencia catalana "cun golpe de Estado"; Aguirre di: "as folgas xerais deberían estar prohibidas".

Na crise do 1993 que aínda colea: véndense as xoias da corona: Telefónica, Repsol, Iberia.. en pos da libre competencia e o libre comercio: a santa liberalización, a entrega a mao invisible do mercado: non quere dicir que sexa unha mao anónima e sen responsabilidades legais nos fraudes e manipulacións coma está ocorrer ou nos queren facer crer. O mercado fáise *invisible* para evitar o cárcere e as responsabilidades pecunarias e legais. A democracia nomolóxica, debe rexirse pola igualdade ante a lei, se isto falla estánse a romper as regras de xogo: o espectáculo que se nos está dar nas testemuñas dos consellos de administración na desfeita das caixas de aforros: a ignorancia tiña un precio, moi caro.

Na crise 2008: véndese o Estado: xestión diferente e dixestión de recursos, mediante os chamados recortes. A externalización de servizos supón en realidade unha toma de

poder nos postos estratéxicos, un *golpe de estado incruento*: xa que van ser a mesma casta xerencial - política - familiar, que levou ao sistema ao fracaso, a que se está trasvasando as empresas privadas de xestión sanitaria etc., os mesmos gatos volven a coidar o mondongo. Ante esto falta unha contundencia da oposición sobre a reversibilidade democrática destas medidas legislativas *ad-hoc*.

A CEE despois de subvencionar a deslocalización da industria e agricultura europeas, lumpem-proletarizando a produción e eliminando costes alén os mares, agora pretende é volver á situación social e económica de entreguerras, mediante a falacia da insostenibilidade do Estado (que lle pregunten a Israel até a canto se debe endebedar un estado para estar en quebra). Da crise 1929 xurdiu a Guerra mundial, a G. civil española foi o prólogo, e no 1945, unha nova orde baseada no aumento de dereitos e servizos á poboación. No 2005 estalou *guerra incruenta* provocada pola voracidade das entidades bancarias por obter xuros usurários (percentaxes de 2 cifras) na que se compraba e vendía era papel: bonos, accións, CDO (obrigacións de débeda garantizada) aos que elas mesmas lle marcaban o valor – o FMI non osou a regularlo, Rato estaba alí, tamén en Bankia: será agoiro ou burro?- Agora estamos a sufrir a *postguerra* dunha *guerra sen armamentos*.



As ruínas: esqueletos das urbanizacións, industrias desmanteladas, locais pechados, deslocalizadas, paro masivo, desfiuzamentos, expolios bancarios, anos da fame, provoca-

dos polos recortes e subterfuxios de todo tipo para FORNECER e RECONSTRUIR á BANCA USUREIRA, que na súa guerra dos papeis arrasou con todo; os seus esbirros e sicarios no poder pretenden facermos crer a metonimia de que a súa banca é bancanosa, a débeda bancaria é a débeda da nación. O

Goberno do Estado, arrendador do poder por catro anos, con dereito a prorroga, comporta-se coma un Goberno okupa e pretende facer-nolo tragar mediante un sistema lexitimado de mentiras, metáforas, neoloxismos, novos sistemas sofisticados de atopelos a razón, cocidos nos *mass-media* tutelados.

Ás mentiras por obra ou acción, sucédennelles as por omisión nos telexornais, mediante a desaparición das folgas e manifestacións de protesta- caso de telemadrid- ou pola contabilidade menguante iniciada por Pio Cabanillas Jr. e seguida ao dedillo por Cifuentes: nun mundo poliédrico en información a procesión, manifestación, cortexo deixa de ser un modo de presión: á noticia desampliada ou bloqueada polos *media verticais*, fallanlle os mecanismos de *feed-back* de control popular. Se impón a teoría de que só as urnas expresan a vontade xeral: recordade ao peitiños do Mariano comparando os que están nunha mani aos que quedaron en casa, o Franquismo apropiábase da vontade da maioría silenciosa. A teoría das urnas parece adolecer dunha explicación do significado da abstención.

**Ás mentiras por obra ou acción, sucédennelles as por omisión nos telexornais, mediante a desaparición das folgas e manifestacións de protesta**

Outras mentiras son elaboradas por *gourmets* da finura e a impunidade coma, por exemplo, Trillo co xastre do caso Gürtel: no intento fracasado de non poder falsear os feitos, responde coa inxuria e calumnia a un home honrado, que puido saír airoso pola circunstancia extraordinaria de ter un fillo xuíz. Foi o mesmo Trillo- aparte de romper coa responsabilidade do mando na xerarquía militar- quen urdiu toda a sarta de mentiras e desmentís no caso Yak-42: impudicia e impunidade dun ex-notario maior do reino. O actual, o fiscal Gallardón, ven ser o paradigma do lobo con pel de año (para moitos) extrañados das súas posicións cercanas a CT (comunidade tradicionalista, desta) respecto matrimonios

gais, aborto, liberdades civís, taxas etc. O Faraón Albertruíz III, da dinastía Gallardón de Madrid, exemplo paradigmático do político heredeiro como novo aristócrata, endebedador municipal maior do reino, que fai nun goberno que predica austeridade e acusa a outros de despilfarro?; que fai un asesor fiscal para que non paguen impostos as grandes fortunas de ministro de facenda?; un ex-directivo de Lehmann Brothers -fábrica de contabilidade creativa, de artificios e tropelías financeiros- de ministro de economía?; un ministro do exército que traballou para industria armamentística? ;o Pinocchio Feij007 a fardar de contas limpas enganando o déficit con maquillaxes contables e aumentando o endebedamento de Galiza a milmillóns €/ano. Estamos a manter raposos a gardar o galiñeiro? Non sigo porque entre a miña desmemoria e as mentiras e trolas que produce a crise, Rajoy vaime facer olvidar os fíos de plastilina do Prestixe. Nunca máis!!!!

Tanta mentira e tanta mala gobernanza aumenta o descrédito dos cidadáns nos políticos, pero hai un certo temor que, en vez dunha toma de conciencia crítica e reflexiva, se dea paso a unha desconfianza na democracia como sistema mellorable, e nese caldo de cultivo xurdan mesías ou salvapatrias que queiran impoñer un sistema personal.

A posmodenidade cuestiona todo, toda doutrina, toda ideoloxía como explicación absoluta e total, esa incertidume non significa que no cuestionado non haxa acertos e verdades, que nos permitan avanzar nun mellor coñecemento da totalidade. Pode que certas ocorrencias e ideas queden obsoletas no tempo- ollo coa obsolescencia programada das mercadorías- non estean de moda, sexan antigas ou *vintage*, pero o seu coñecemento cumpre para comprender o mundo (como explicar o que ocorre sen o concepto de plusvalor ou plusvalía?). Son os clásicos recentes como Kant, Marx, Nietzsche, Kropotkin, Freud e un longo etc. cuxos postulados siguen vixentes -contraefecto WaltDisney- nun mundo caducado e rexido por o pensamento único *revisted*, clásicos aos que se deben seguir acudindo para buscar unha explicación para actuar.



## O tempo dos idiotas

Xosé Luis Arias

"... na república democrática o pobo colectivamente exerce o poder soberano..." O principio que rexe é a virtude en sentido cívico e non en sentido moral, é dicir, a facultade que ten cada cidadán de facer pasar o interese xeral por enriba do interese particular.

Montesquieu "*Espírito das leis*"

Neste país hai como mínimo dúas clases de idiotas, ou mellor tres. Está o recoñecido como imbécil ou curto de luces, tal e como aparece recollido no dicionario da RAG. En segundo lugar, o idiota ilustrado e liberal que non sabe que é idiota e moito menos o que significa o adxectivo liberal do que deriva liberalismo, movemento político carente de homoxeneidade. De feito, durante a segunda República definíanse como liberais tanto ao partido de dereita de Niceto Alcalá Zamora como ao de esquerda de Santiago Alba. Liberalismo é un termo que se aplica indistintamente tanto ao eido da política, da relixión, como ao da economía, pero que ten unha referencia anterior ligada ao seu uso ético (etolóxico) na palabra "libre" (comportamento das persoas na súa vida particular).


De influencia utilitarista (Betham) e ilustrada (Diderot, Voltaire) e por suposto seguidores de Adam Smith, M. Fredman, etc, defenden unha serie de "principios liberais" dos que se senten orgullosos, especialmente a funcionaría de turismo que chegou a "cazatalentos" (Seelinger y Conde) da comunidade de Madrid. "... Esperanza es una política con ideas, con principios firmes. Y no se deja manipular ..." (Vargas Llosa) isto xa o comprobamos con Telemadrid.

Son partidarios de subordinar a política á economía, unha mínima intervención do

Estado (amigo externalizador) que remata como xa sabemos por garantir privatizacións e degradar os servizos sociais coa progresiva destrución da clase media. Nestes dous últimos anos, 13 millóns de españois están en risco de pobreza e de exclusión social segundo un estudo da EAPN "... as desigualdades aumentaron: o 20% é moito máis rico, o 20% de pobres que xa había, agora é moito máis pobre..."

Outro dos principios que se converteu no fundamento desta ideoloxía confusa chamada humanismo liberal é a falsidade do "libre arbitrio", entendido como unha propiedade intrínseca do individuo que lle permite elixir o que queira, ausencia de prohibicións (liberdade negativa); como se en moitas ocasións non estivésemos determinados a elixir aquilo que esixen as circunstancias.

E por último e máis abundante nunha sociedade de masas onde impera o nihilismo, está o idiota de tradición grega (idiótes) palabra que chegou ao español a través do latín, idiota, idiotae. Na raíz do grego ídios atopamos o privado, o que ten carácter particular, persoal. Polo tanto o idiota era simplemente o que se preocupaba só de si mesmo, dos seus intereses privados e particulares, sen prestarlle atención á cuestión pública ou política. Expono Pericles nun dos seus discursos máis célebres: "...quen se desentende do



público non é para nós tan só un tranquilo, senón un inútil...”.

Meu querido idiota “democrático” desculpa a miña insolencia, imaxino que se pertences á primeira categoría hai tempo que deixaches de ler, se es un ilustrado o máis probable é que esteas de tertuliano na TV botándolle a culpa a Zapatero ou explicándolle á xente o que ten que facer para saír da crise; por tanto, o que segue a continuación vai dirixido aos da terceira clasificación, a ese entrañable “idiótes” que admira a CR7, que contempla desde o seu balcón unha manifestación que protesta polo desmantelamento do hospital da súa vila e quédase mirando como se non fose cousa súa. Para ti, que depositas o voto cada catro anos cumprindo co teu deber, que o sufraxio non sexa o límite do teu poder.

Aquí van algunhas claves para que a clase política deixe de pastorearnos como se fósomos un rabaño de ovellas:

**1.-** O profesor Aranguren referíase á democracia como sistema político en permanente construción, hoxe en día é máis axeitado dicir deconstrución. Para Ignacio Ramonet vivimos nunha “ditadura democrática”, para o sociólogo portugués Boaventura de Sousa estamos nunha “democradura” dirixida polos grupos de presión financeiros que converten aos políticos en monicreques cunha mínima capacidade de manobra.

Se a cidadanía non ten asegurado o dereito a ser consultada sobre calquera norma obrigatoria vixente, entón non merecemos que se chame democracia. Utilizar o poder plebiscitario para denunciar situacións de discriminación que permanecen ocultas, tratando de avanzar na procura dunha igualdade material, que aparece recollida desde os seus inicios na tradición republicana (modelo de democracia directa proposto por Rousseau) .

**2.-** Modificación dalgún artigo da Constitución e por suposto da lei electoral. O artigo 68.2 impón a provincia como circunscrición electoral, cando entre as provincias se dan disparidades que fan que a cada escano en Madrid ou Barcelona lle correspondan 129.000 electores censados, e en Soria que

reparte dous, precisaría só 26.120 votantes. Isto da lugar a que se produzan distorsións que prexudican claramente a algúns partidos. Nas últimas eleccións xerais UPD sumou 228.048 papeletas por cada escano, IU 152.800, a Amaiur valeulle con 47.661, ao PP con 58.229 e ao PSOE con 63.398. Como pode ser constitucional unha lei que entra en contradición coas súas propias previsións ao non garantir proporcionalidade, igualdade e liberdade no sufraxio.

A circunscrición podería ser tamén autonómica, ou única. Gregorio Peces Barba ex presidente do Congreso suscitou, con escaso eco mediático – non lle interesa aos partidos maioritarios - a creación dunha única circunscrición (como nas eleccións europeas) obviamente a máis escanos a elixir nunha circunscrición máis proporcionalidade, aínda que se aplique a lei D’Hondt habería unha representación máis xusta das minorías. Diminuiría o poder excesivo dos partidos nacionalistas. De aplicarse no último comicio o PP non conseguiría a maioría absoluta e IU pasaría a ser a terceira forza política.

O electorado debe elixir directamente aos representantes políticos, deste xeito a persoa



elixida responde persoalmente da súa xestión, ademais evitaríamos que sucedese o que está pasando na comunidade madrileña onde gobernan persoas que non foron votadas. Eliminaríamos tamén a todos eses inútiles que se poñen a xogar co ipad no congreso cando se está a debater ou votar unha lei.


**3.-** Ignórase o dereito a cambiar ou propoñer leis. Esta é unha cuestión transcendental á que apenas se lle presta atención e que

aparece bloqueada no artigo 149 da Constitución, onde se declara “prerrogativa exclusiva do Estado a convocatoria de consultas populares por vía de referendo”.

O artigo 87.3 exclúe tamén consultas en materia fiscal ou propias de lei orgánica, é dicir, todo o que ten que ver coa organización e vixilancia do erario. Por que non imos poder convocar consultas locais que permitan establecer prioridades á hora de facer investimentos.

Na modificación primeira da Lei orgánica 3/1984, de 26 de marzo, reguladora da Iniciativa Lexislativa Popular pódese ler con certo asombro o seguinte: “... de aí que a Constitución, amén de excluír da iniciativa popular campos normativos particularmente delicados, encomende ao lexislativo a misión de regular, mediante lei orgánica, a forma concreta do exercicio da iniciativa popular...”. Si, si, leron ben, isto é como pór á raposa a coidar do galiñeiro.

A actual iniciativa lexislativa cidadá non deixa de ser algo ornamental como podemos comprobar a partir dos datos facilitados polo Arquivo do Congreso Dos Deputados, das sesenta e seis proposicións de lei presenta-



das polos cidadáns promotores ante a Mesa do Congreso ata a X lexislatura para o seu control de legalidade, nove pasaron o trámite parlamentar, oito foron rexeitadas e só unha delas foi finalmente subsumida por outra iniciativa sobre a reclamación de débedas tributarias que supuxo a modificación dun artigo da lei de Propiedade Horizontal.

A derradeira iniciativa inadmitida a trámite propoñía a “eliminación de prebendas da clase política cesada”. O texto da proposición de lei dicía na súa exposición de motivos que

os representantes da soberanía popular “manteñen os seus privilexios de forma indefinida, incluso unha vez cesados, ou reciben unha indemnización que atenta contra os principios básicos de igualdade e entra en conflito coas políticas de austeridade e contención do gasto”. Unha iniciativa similar foi presentada na anterior lexislatura como “proposición de lei de reforma salarial política”.

A “Plataforma de afectados pola hipoteca” despois de recoller máis dun millón e medio de sinaturas, logrou que o partido no goberno ante a presión social modificara “in extremis” o seu voto para tramitar a ILP que pretende regular a dación en pago e paralizar os deshaucios.

Onde quedou esa lei da que se falou no 1978 e que ía regular os requisitos da iniciativa popular para presentar proposicións de lei?

Non só deberíamos intervir no xudicial a través do xurado, senón tamén no lexislativo. Non sería, por outra banda, ningunha novidade. Condorcet defendeu ante a Convención Nacional francesa o 15 de febreiro de 1.793 un proxecto de Constitución que integraba a primeira proposta de institucionalización da participación directa do cidadán no proceso lexislativo “Da censura do pobo sobre os actos da representación nacional”, Título VIII.

Máis próximo a nós está a Constitución da II República española de 1931 integradora de institucións de participación directa inéditas ate ese momento na historia de España, inspirada na de Weimar, incluía unha iniciativa de reforma constitucional a instancias da proporción do 25% do electorado, un referendo de revogación do presidente da República a iniciativa de dous terzos, etc.

Hoxe en día estamos excluídos no artigo 166 de calquera procedemento de reforma constitucional.

**4.-** Uso da informática para consultas. Aforraríanse cartos e facilitaríase a participación cidadá reducíndose as altas porcentaxes de abstención. O voto aparece devaluado cando se emprega exclusivamente para elixir unha lista pechada que obedece aos intere-

ses internos de cada partido.

Non delegar nos políticos a responsabilidade que debemos exercer sobre cuestións que a todos nos incumben. Hai que garantir os nosos dereitos controlando as accións dos poderes fácticos con independencia da ideoloxía do Goberno.

Ademais da participación electoral e do exercicio cotián das liberdades públicas: liberdade de expresión, manifestación, reunión e asociación (algunhas delas por certo, comezan a estar constreñidas por mecanismos de control sancionadores – como no franquismo múltante para concienciarte - que restrinxen a ocupación do espazo público; de novo a “talentosa” : “... las huelgas generales deberían estar prohibidas...” ) as comunidades democráticas deben institucionalizar oportunidades engadidas de participación dos cidadáns, G. Jáuregui considera que “ no existe democracia sin democratización, es decir sin una renovación constante de las formas de participación”. (“Globalización y democracia”, *Claves* nº 99, p.13).

O modelo democrático representativo de orixe liberal, baseado nos principios falsos de autonomía, liberdade e independencia, desenvólvese nunhas institucións bastante rixidas á voz dos cidadáns aos que consideran desde os inicios das modernas democracias como “multitude pacedora” (G. Washintong), ou “vulgar rabaño do xénero humano” (John Adans), esa suposta insensatez que tanto preocupaba a Thomas Jefferson e da que moi ben se souberon aproveitar.

Coas pequenas modificacións propostas e algunhas máis poderíamos ir transformando este modelo por outro de democracia republicana de tradición bastante máis longa que a do liberalismo (onde os reis só aparezan entre manadas de elefantes), que pretenda desprofesionalizar a política (sería a única maneira de ir acabando coa corrupción) e onde estean cada vez máis presentes a participación, a deliberación, e o autogoberno.

Lembrando o vaticinio de Richard Sennet ao final da súa obra “A corrosión do carácter” (1998) : (“...un rexime que non proporciona aos seres humanos ningunha razón profunda para coidarse entre si non pode preservar por

moito tempo a súa lexitimidade...”) preguntámonos con certo optimismo se non se estará esgotando o tempo de manipular inconscientemente a grandes masas de “idiotas” que permanecen alleas ao máis sustancial das súas vidas.

### **Se a cidadanía non ten asegurado o dereito a ser consultada sobre calquera norma obrigatoria vixente, entón non merecemos que se chame democracia.**

Cando os piares básicos sobre os que se sustenta un Estado de Dereito están baixo sospeita de corrupción, xenérase un estado colectivo de malestar, o que Vitor Turner chamou “communitas” (solidariedade, espontaneidade, vida comunal intensa) capaz de provocar cambios estruturais, a partir dos cales se orixine unha dinámica reorganizativa aberta a múltiples posibilidades, sen excluír enfrontamentos revolucionarios orientados á consecución dunha nova orde social.

Se queda aínda un fío de esperanza entre a implacable incursión da lóxica capitalista na nosa existencia, vixilada e xestionada por mecanismos de biopoder que controlan ate o que temos de máis íntimo (desexos, emocións, etc) está precisamente na explosión social que se produce cando se ocupan as rúas. Por máis que os mercenarios dos medios de comunicación, sempre tan atentos á “voz do seu amo” manteñan unha guerra permanente de cifras, non conseguen debilitar a forza contundente dos feitos.

É precisamente nesas manifestacións públicas cando o “idiótes” abandona a súa privacidade autista para recoñecerse no que realmente interesa, a construción do ben común.

Agora que os Durao Barroso, Zapatero, e demais socialdemócratas de manual seducidos polas esixencias da ideoloxía neoliberal pasaron á reserva, será interesante comprobar se somos capaces de sobrevivir a este sistema político de aparencia democrática pero socialmente conservador que está destruíndo os piares básicos do incipiente Estado de Benestar que tanto tempo nos custou acadar.

## Por Santigoso achegámonos á centola

Francisco Cobo Rodríguez

Hai só uns meses nunha viaxe ás terras da Veiga do Bolo, logo de que reparasen e mellorasen a estrada comarcal que pasa por Santigoso, atopámonos que de novo lle cambiaran o nome a este lugar. Agora os indicadores plantados á entrada e á saída indicaban que pasara a chamarse Santiagos, como se fose un “primo” dalgún Santiago. Ignoro se isto foi corrixido no entretempo mediado ata agora. O que si sei é que o fenómeno xa sucedera en épocas anteriores. A fins da década de 1960, o indicador para esa estrada colocado en Viloiira lucía o aberrante Santiagos.

O nome deste lugar e parroquia (san Miguel), do concello do Barco, non ten nada que ver con Santiago nen con nengún outro

s a n t o .  
Carécese de documentación medieval coñecida que documente formas antigas. Na documentación da Idade Moderna aparece como Lugar de Santigoso (1). Tampouco é topónimo único,

pois se repite en varios puntos de Galicia. Santigoso (san Simón) parroquia no municipio da Mezquita-Ou; o lugar de Santigoso, pertencente á freguesía de san Xulián de Chorente (Sarria - Lu), e máis no composto Mazo Santigoso, que forma parte da parroquia de san Vicente de Vilamor (Folgozo do Courel - Lu). Indubidablemente o Serrat de

Sentigosa e o Mas de Sentigosa (popularmente de Santigosa), na provincia de Xirona, Cataluña, é un paralelo feminino.

A explicación dada hai xa moitos anos para ese lugar catalán é a válida para os lugares galegos. O señor Lluís Almerich (2) explicou Santigosa como un derivado do latín *sentigosa* “espiñosa” e dun xeito paralelo para os topónimos galegos cómpre dicir que proveñen dun latín *senticosu* “espiñoso, espiñento; silvoso”, en cada caso como formas do adxectivo latino *senticosus*, -a, -um, que á súa vez procede do substantivo *sentix*, -icis (polo acusativo *senticem*), variante tardía de *sentis*, -is “silva; espiña”. Non hai dúbida que son designacións descriptivas. Como os topónimos xurden en cada caso de adxectivos,

iso leva a plantear que houbo un determinado, desaparecido, que dá conta dos xéneros diferentes que vemos. Para Sentigosa cabe supor que saíu dun primitivo *\*(terra) sentigosa* '(terra) espiñosa', mentres que Santigoso require algo como *\*(locus) senticosu(s)* '(lugar) espiñoso'. Os topónimos galegos xa foran explicados por Gonzalo Navaza, que se apoiou nas aclaracións de formas catalanas a través do dicionario etimolóxico de Corminas - Pascual (3).

Con excelente criterio o profesor Navaza incluíu tamén o lugar de *Centigosa* (no conce-



Con excelente criterio o profesor Navaza incluíu tamén o lugar de *Centigosa* (no conce-

llo da Fonsagrada – Lu), que sen dúbida é da mesma orixe que o catalán; pero a disibilación do s- inicial despistara aos filólogos Joseph Piel e Abelardo Moralejo (4), que opinaron que era un derivado do latín *centenu* 'centeo'. Tamén incluíu Navaza, *Santigueiro*, nome de dúas aldeas, nos municipios de A Peroxa - Ou e Parada de Sil – Ou, que con outro sufixo, procede sen dúbida dun \**senticariu*, que xa non recollen os dicionarios latinos, formado coa mesma raíz, *sentice*, e o sufixo *-ariu*. Mesmo é posible que *Xanceda* (Mesía – C), que habitualmente se sinala como procedente dunha antiga *saliceta* 'salgueiral' (5), de *salice* 'salgueiro', sen apoiarse en documentación que o corrobore, responda a unha antiga \**senticeta*, como a Sinticeta medieval, non identificada, que estaría pola zona do bispado de Tui, como oportunamente lembra Navaza.

O paso do *-e-* para *-a-* debeuse a inestabilidade desa vogal en situación átona inicial e a influencia de santo, como se pode observar nos topónimos *Santifoga* < *centu foca* "cen fogares ou fogos", e coa mesma orixe *Zanfoga*. O fenómeno aparece tamén no vocabulario usual: *centaura* / *santaura* (unha planta) e máis en *centafollas* / *santafollo* / *centifollo* (parte do estómago dos ruminantes, e outros significados) (6), ou mesmo a oscilación que se observa no galego *centola* / *sentola* fronte a portugués *centola* / *santola*.

Todos estes topónimos mostran a pervivencia de vocábulos latinos, que estarían máis ou menos difundidos nos tempos remotos da latinidade e que non deixaron posteriormente rastros na lingua usual romance. Non deixa de ter interese o feito de que todos estes topónimos de tipo Santigoso estean ubicados na zona oriental do galego, e ademais teñan relación con outros cataláns e aragoneses do outro extremo da antiga Tarraconense, provincia romana no que se ubicaba a capital (Tarraco – Tarragona), un dos centros difusores do latín hispánico (7) e desde onde se controlaban as zonas mineiras do Noroeste hispano.

A propósito indiquei atrás as alternativas de *centola* / *sentola* / portugués *santola*, aos que hai que engadir *centolo* / *sentolo* (a estes últi-

mos, con criterio restritivo e, como sempre inexplicado, négalles entrada o actual dicionario normativo da Real Academia da Lengua), porque estou convencido de que pertencen á mesma familia que Santigoso.

Como se sabe *centola*, *centolo*, *cintolo*, etc., son denominacións populares do crustáceo decápodo mariño *Maia squinado Herbest*, principalmente. A documentación máis antiga para "gallego y portugués", como indica Corominas, é do ano 1519 (*centola*); en documento redactado en castelán, pero con forma inequivocamente galega, atopo *sentola* no 1589 (*sentola*), e xa máis tarde no 1745: *centóla*.

### O nome deste lugar e parroquia (san Miguel), do concello do Barco, non ten nada que ver con Santiago nen con ningún outro santo.

Aínda que o mesmo Corominas afirmara que a orixe era insegura (8), tentou explicar o castelán *centolla* e os seus paralelos hispánicos, por un hipotético céltico \**cintollos* 'principal e grande', composto de *cintus* 'principal, superior' e *ollos* 'grande', combinación da que atopaba equivalentes só na onomástica gala. Este étimo semella moi inseguro e demasiado rebuscado. Aínda que non sempre, soe aceptarse (9) e, desde logo, non se ten ofrecido alternativa nova que eu saiba. Moito antes frai Martín Sarmiento (1695 - 1772) propuxera varias, das que rescataremos as máis vulgarizadas: dun suposto *capitola*, de *capita*, derivado do latín *caput*, *-itis* 'cabeza', e alternativamente dun sintagma latino *centum oculi* 'cen ollos' (10). Aínda que o frade bieito mostrou moitísimos étimos aínda válidos hoxe, non estivo acertado neste caso. Ningunha delas resiste a crítica filolóxica actual. Pero expóñoas aquí porque aínda corren por páxinas de internet. De *capitola* é imposible chegar a *centola*. Desde *centum oculos* (non *centum oculis*) podería explicarse quizais o castelán *centollos* (e con reservas, porque o esperable sería \**centojos*, pero podería aceptarse que lle chegou desde falas asturianas), pero non podería en absoluto explicarse o

galego-portugués *centolo* / \**santolo*.

Unha relevante característica deste crustáceo é o gran número de concrecións a xeito de pinchos que exhibe na súa cachola, especialmente fortes no borde da mesma, moi diferente á doutros cangrexos coñecidos. O padre Sarmiento describiuno así: “*tiene la superficie del lomo sembrada de pinchos como espinitas*”; o xa antigo dicionario castelán de Roque Barcia chama a eses pinchos, con razón, “púas”; o moi coñecido portugués de Porto Editora dí que a súa carapaça (cachola) é “*áspera e guarnecida de picos*”, etc. O normativo dicionario da Real Academia Galega, iniciado en edición electrónica no pasado ano, é algo menos agudo e denomínaas “protuberancias”. Ao seu aspecto picudo ou pinchudo colaboran sen dúbida ás punzantes patas e mesmo ás súas robustas pinzas, tenaces ou nocas.

Isto lévame a considerar que quizais o que chegou a predominar na visión das xentes do mar nunha ampla zona entre o Cantábrico e o Atlántico foi a consideración deste crustáceo como un ser pinchudo e que a denominación *centola* / *santola* puido ser descriptiva, como acontece na orixe do nome de moitos animais. Para min impónseme que é un derivado do latín *sentis*, *-is* ‘espiño, silva’, voz que se coñeceu no latín de Galicia como mostran os varios topónimos arriba indicados, que ademais testemuñan a mesma vacilación vocálica e consonántica da sílaba inicial que observamos na denominación do crustáceo. Hai que supor como base do nome deste animal un latín vulgar \**sentollu*, \**sentolla*, que explica perfectamente as variantes galego-portuguesas e españolas. \**Sentollu*, *-a*, serían derivados latinos diminutivos de *sentix* ou *sentis* por intermedio doutro adxectivo: *sentus*, *-a*, *-um* ‘espiñento’, o que acae mellor semánticamente, polo que o étimo orixinario completo debeu ser algo así como \*(*cancriculu*) *sentollu* ‘(cangrexo) espiñento, pinchudo’.

É significativo, ademais, que os antigos dicionaristas portugueses Pereyra e máis Bluteau identificasen a *santola* polo latín

*Echinus marinus*, á letra ‘ourizo de mar’, sen dúbida polo aspecto que lle outorgan os seus picos ou pinchos.

#### Notas:

(1) Por exemplo en 1618, cfr. GarcíaTato, Isidro, *Valdeorras cara al año 2000: Pasado, presente y futuro de una comarca* (1996), t. I, doc. 1. 82

(2) Almerich, Lluís, *Origen i definició dels cognoms catalans* (1968), s.v., Santigosa, páx. 186. Cfr. tamén Bastardas, Joan, *Diàleg sobre la meravellosa història dels mostres mots* (1996), páx. 62, a propósito de Sentigosa, *sentis* e *sentix*.

(3) Navaza, Gonzalo, *Fitotoponimia galega* (2006), § 207; indica o étimo *senticosus*, como pide o *-i-* dos

topónimos, e non *senticosus* como soe aparecer nos dicionarios.

(4) Piel, Joseph, *Semblanza toponímica de un ayuntamiento gallego: Fonsagrada*, in *Homenaje a Dámaso Alonso*, t. II, n. 10, se preguntaba que quizais Centegosa, hoxe oficialmente Centigosa, quizais estaba por \**centeosa* de *centeo*. Citado por Moralejo Lasso, Abelardo, *Toponimia gallega y leonesa* (1977), páx.167, n. 30, admitindo esa hipótese do alemán.

(5) Ferreiro, Manuel, *Gramática histórica galega* (1997), t. II, § 284.5, páx. 53, logo reproducido en Cabeza Quiles, F., *Toponimia de Galicia* (2008), páx. 656 e ss.

(6) Non podo explicar aquí as variacións deste grupo, porque aumentaría a extensión deste artigo.

(7) Cfr. as consideracións na obra de Bastardas, op.cit., nas páxinas anteriores e posteriores ao citado na nota 3. Para a extensión do topónimo Santigosa / Sentigosa na zona pirenaica hispana, cfr. Terrado Pablo, Javier, *Léxico patrimonial y metacedeusis en los nombres de lugar*, in *Archivo de Filología aragonesa*, nº 65 (2009), p. 221, obra accesible en Internet.

(8) Corominas, Juan (Joan Coromines), *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana* (1973), 3ª edic., s.v., *centolla*.

(9) Así en Ríos Panisse, M. C., *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces* (1977), § 12, páx. 20 (as anotación etimolóxicas son de Antón Santamarina), ou en obras máis divulgativas, como a *Enciclopedia Ir Indo*.

(10) Ambas figuran no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega, 1745 – 1755*. Edición moderna de J. L. Pensado Tomé (1973). As propostas do monxe poden verse en Internet no *Diccionario de Dicionarios da lingua galega*, buscando pola voz *centola*.



## O patacal de Caixa Ourense na Gonza

Historia dunha explotación agraria condeada ao fracaso

*Félix García Yáñez*

É ben sabido que a pataca é orixinaria de América do Sur sendo coñecida en Europa durante o século XVI aínda que o seu proceso de arraigamento no medio labrego foi moi lento. No continente a expansión do cultivo iniciase a mediados do século XVII, mediante políticas de fomento estatais como resposta ás periódicas fames que asolaban as poboacións de Irlanda, Inglaterra ou dos principados alemáns. En Galicia a finais do século XVIII xa era traballada en todas as comarcas, e o cultivo provocou multitude de preitos sobre a percepción das rendas forais. Nas comarcas interiores pouco a pouco substituíu á castaña converténdose no alimento fundamental da dieta labrega. De aí que nalgunhas aldeas do este de Valdeorras á pataca séguese a chamar “castañeta ou castaña de terra”.

Na chaira de Álava as condicións dun terreo lixeiro, de tipo silicio-calcáreo e de pouca profundidade, fan prosperar a planta da pataca nunhas condicións excelentes. Dende as primeiras décadas do século XX a pataca para semente procedente da campiña alavesa, a chamada “pataca branca de Treviño”, debido a súa calidade: carne branca e coa pel fina e lisa, convertese na prefe-

rida para boca nas áreas da montaña das provincias de Lugo e Ourense. Para o gando a preferida era a chamada “vermella”. Mais dende as granxas agrarias - experimentais dependentes das deputacións de A Coruña e Pontevedra, víñase avogando por impulsar en Galicia explotacións dedicadas a espallar variedades máis axeitadas as condicións específicas do país e romper coa dependencia da semente alavesa.

Ante a necesidade de saír da miseria, que a guerra civil provocara, iniciou o franquismo nos primeiros anos dos cincuenta unha política hidroeléctrica intensiva coa finalidade de sentar as bases do desenvolvemento económico. Como consecuencia planificouse e construíuse un encoro no río Xares, á altura de Prada, que implicou o asolamento da aldea da Alberguería, no concello da Veiga do Bolo. Ante o malestar dos veciños empuxados a abandonar as casas e as terras a delegación provincial do Ministerio de Agricultura intentou trasladalos a diversos paraxes da xeografía galega. Ofrecéronse-lle asentados en réxime de colonato na bisbarra luguesa da Terra Chá e na recen desecada Lagoa de Antela na Limia. Tamén no estremeiro Monte da Gonza, na serra





de san Lourenzo, na vertente divisoria das augas do Bibei e do Xares. Neste derradeiro caso rexeitouse a oferta debido a altitude amais de ter que romper a terra nun chan historicamente ligado ao pastoreo do gando.

Entre os técnicos do Ministerio de Agricultura que supervisaron a operación atopábase Luis Vega Escandón, enxeñeiro xefe da sección agrónomica, quen non deixa pasar a ocasión, e pon a vista nas posibilidades de explotación que ofrecía o Monte da Gonza. Tras pensalo moito convence e asociase co comerciante e almacenista do barrio ourensán da Ponte, Manuel Fuentes del Río, coa finalidade de poder acabar co monopolio que no mercado galego de pataca de semente exercían os produtores de Álaba e Burgos e ao tempo experimentar, aclimatar e introducir novas variedades de gran rendemento en Europa: a Duquesa, a Polagan, a Gouna Branca, a Gineke, a Royal Kidney, a Kennebec, a Arran Banner, e a Red Pontiac.


En 1958 presentan a idea e a súa viabilidade ao presidente do Consello de Administración da Caixa de Aforros Provincial de Ourense e Presidente da Deputación, José Rodríguez de Dios, coa finalidade de garantir o financiamento. Solicitaban á Caixa a concesión dun crédito ou préstamo por valor de 6.000.000 de pesetas.

O informe do proxecto prevía inicialmente pór en cultivo 500 hectáreas, a unha altitude media de 1.200 metros, sobre os montes catalogados cos números 197 e 137, e dicir no Monte da Gonza. Eran terras de man común tradicionalmente aproveitados para o gando polos veciños das parroquias de san Mamede, Tabozoa de Edroso, Edroso, Quintela de Edroso, e Froxais do Concello de Viana do Bolo; e as de Pradolongo, Castromao e Corzos do concello da Veiga do Bolo.

A primeira resposta da Caixa Ourense foi a de negarlles os cartos solicitados, valoraron como pouco viable a proposta xa que entrañaba bastantes resgos, e dubidaban de poder recuperar os recursos unha vez concedidos. Mais Vega Escandón e Rodríguez de Dios eran ao tempo conselleiros provinciais do totalitario "*Movimiento Nacional*", sendo o xefe o Gobernador civil, José María Quiroga de Abarca. E a través deste organismo político chegou ao Gobernador civil, que apoiaba o proxecto, a non concesión do crédito. Deseguido o Gobernador convocou ao director xerente da Caixa, Ricardo Martín Esperanza,

tamén conselleiro provincial do Movemento, para tratar de atopar unha solución satisfactoria. Entre os dous acordaron que nun primeiro momento a Caixa entrase como copropietaria da futura sociedade a constituír. Mais as xestións con Vega Escandón finalizaron sen acordo sobre o grado e participación da entidade financeira. Situación que o Gobernador civil considera como unha afronta persoal ao seu mando.

Para resolver o entorto convoca no despacho oficial as dúas partes e imponlles un pacto sobre a composición do capital social da empresa a montar. No momento da firma, a pesar de que o acordo de explotación excluía expresamente calquera concesión (participación na sociedade, nos beneficios, no arrendamento do chan) aos auténticos propietarios dos dereitos históricos das terras, Quiroga de Abarca soltou un demagóxico discurso de raiceira falanxista no que resaltaba que "*...no le parecía justo que los beneficios, muy cuantiosos, que se producirán recayesen en su mayor parte en un industrial, pensando que los ayuntamientos que cedían los terrenos, no iban a percibir más que el canon que es costumbre aplicar en estas concesiones, y que las corporaciones interesadas debían beneficiarse con un porcentaje de las ganancias que se lograsen para*



*tener un ambiente más favorable en los vecinos, que se verían perjudicados al mermárseles las tierras*

*que aprovechaban para el pastoreo*". Enfronte estaban os dous promotores que argumentaron que os concellos terían beneficios indirectos: arbitrios municipais, xornais para os veciños, carreteras locais e repoboación forestal. Nesta xuntanza no goberno civil acordouse que a empresa quedaría participada no 60% pola Caixa, e o outro 40% nas mans de Fuentes del Río e Vega Escandón. Tamén que o Gobernador axilizaría os trámites oficiais ante o Ministerio de Agricultura para dispor da primeira autorización administrativa sobre unhas 271 hectáreas.

Aos meses á xa sociedade rexistrada se lle concede os dereitos sobre un chan de 173 hectáreas durante trinta anos, con posibilidades de

ampliar o prazo. Para iniciar os traballos e adecuar a terra necesitábase desembolsar 8.000.000 de pesetas. Os dous socios individuais, Vega Escandón e Fuentes del Río, non aportan ningún capital, retíranse da sociedade, e a Caixa acaba facéndose co 100% do capital.

No ano 1962 sementábase a primeira colleita que utiliza 85 hectáreas das concedidas mentres os técnicos agrarios remitían informes sobre a entrada en beneficios nese mesmo exercicio "...el rendimiento del monte La Gonza, donde se espera obtener en la presente campaña unos 70 vagones de patata de siembra certificada y seleccionada, como primer paso hasta conseguir las 400/500 que son susceptibles de conseguirse allí". A realidade foi que o resultado económico non cubriu, tan sequera, os custos correntes da explotación. Os mesmos técnicos achacaron como motivo determinante do fracaso "... una sequía prolongada, sin precedentes en estas zonas de abundantes lluvias".

Para compensar as perdas do primeiro exercicio deciden ampliar a zona de cultivo explotación ata as 110 hectáreas, tendo que obrigatoriamente construír unha pista para dar saída as aldeas da parroquia de Tabazoa. O que lle provo-


cou un desembolso a maiores de 304.000 pesetas. En 1963 a sociedade recibe a concesión administrativa de novas terras ata abarcar un total de 573 hectáreas. Neste caso eran cedidas pola Dirección Xeral de Montes que amais ampliaba o tempo da concesión dende os 30 ata os 50 anos.

Para o ano de 1964, as expectativas de negocio volven a fracasar, aínda que se logra producir 1.100 toneladas, e aparecen as primeiras incertezas na Caixa sobre o futuro da explotación. Para tratar de despexalas encargásele un estudo de viabilidade ao vocal do Consello de Administración e enxeñeiro agrónomo, Ángel Ruiz Fidalgo, que propón unha nova ampliación da superficie de cultivo ata as 1.000 hectáreas coa finalidade de sementar por ano a terceira parte. E como complemento dedicar 200 hectáreas ao cereal e outras cen a forraxes. Ruiz Fidalgo aseguraba que de ese modo a Caixa podería ir amortizando anualmente a inversión e obter

unhas ganancias de arredor do 3% en cada exercicio.

Para levar a cabo o novo plantexamento nomeábase, a finais de 1964, ao vocal do Consello de Administración da Caixa, Julio Gurriarán Canalejas, conselleiro delegado da sociedade. Julio Gurriarán, era o alcalde de O Barco amais de conselleiro provincial do *Movimiento Nacional* e vicepresidente da Deputación provincial, que acepta de bo grado, xa que a designación levaba aparelado unha asignación anual. Ao revés que os simples vocais do Consello da Administración da Caixa que só cobraban dietas pola asistencia as reunións.

Decidiuse encargarlle á empresa Francisco Cacahafeiro S. A. a construción dun novo gran almacén que "*bastase para recoger la próxima gran cosecha*". Edificio que complementou as instalacións xa levantadas no cumio da explotación: taller de apeiros, cortes de gando, almacéns e residencia. A dirección técnica agardaba que a colleita do ano 1965 converteríase na primeira en cubrir os gastos do exercicio anual. Predición que debido de novo as "*adversas condiciones climáticas*" deu unha colleita anormal e deficiente: unhas escasas 800 toneladas de patacas, cun rendemento de 5.500 quilos por hectárea. Nesta situación a Caixa recibe unha oferta da empresa madrileña Ibérica de Patatas S.A., para mercar toda a produción do Monte da Gonza durante os



seguintes cinco anos. A proposta levaba aparelado o facerse cargo da dirección técnica da explotación e fornecela de semente. Nun principio a Caixa valorou a proposta xa que quitáballe de riba o problema da comercialización anual da produción pero a rexeitou.

Na seguinte colleita a produtividade por hectárea subiu ata os 8.000 quilos, mais so se recolleiron 630 toneladas, e solicítase ao Ministerio de Agricultura a creación dunha sección de gando. E en 1968 intentouse montar unha escola de capacitación agraria para poder financiar a explotación a cargo dos fondos da Obra Benéfico Social, mais a proposta non foi aceptada polo Ministerio de Educación nin polo Banco de España que vetou o posible desvío dos fondos da obra social.

En 1971 vendo que a produtividade da explotación non alcanzaba as expectativas iniciais deciden reducir a só cen hectáreas a plantación de patacas ca intención de seguir manténdoa

ainda que fose deficitaria.

En 1973, tras unha década de traballos, a Caixa de Aforros facía o balance dos recursos e inversións achegadas a sociedade do Monte da Gonza. Para poñela en produción durante os dez anteriores anos gastará máis de 27 millóns de pesetas ao ter que montar a explotación dende a decrúa inicial. Ás obras destinara 21.630.000 pesetas; para apeiros agrícolas: 3.709.000 pesetas; en mobiliario 366.000 pesetas; en estudos preparatorios 462.000 pesetas; en fianzas 141.000 pesetas. Máis outras 963.000 pesetas no capítulo de varios.

No referido ao persoal fixo contabilizábase: un Conselleiro delegado, un director enxeñeiro agrónomo, e un perito agrícola. Amais dos traballadores in situ: un conserxe, tres capataces agrarios, tres tractoristas, dous capataces de gando e unha asistente. Tamén contrataba unha media anual de 17.000 xornais. Os gastos por exercicio de todos eles situábanse arredor dos 6.495.450 pesetas e abarcaban: salarios, seguros sociais, sementes e abonos, impostos e arbitrios.

Tras este estudo de gastos o Consello Administración da Caixa decide ir reducindo

o financiamento para non incrementar a conta negativa con cada exercicio.

A mediados de 1975, despois de 13 anos de perdas, que nos dous derradeiros chegaron ata as 7.500.000 pesetas, e tendo dificultade para algún día facela rendible a Caixa decide exercer un control máis directo e efectivo e asume a súa administración.

Antes, en 1973, o Banco de España intervén a Caixa ao atopala en situación de quebra técnica. Dende anos o director xerente da Entidade, Ricardo Martín Esperanza, viña manipulando a contabilidade e os balances para ocultar diversas irregularidades e encubrir unha xestión deficiente das inversións da Caixa así como diversas apropiacións de parte dos recursos propios.

Tras a intervención o mandato dos auditores de banco emisor tiña como prioridade sanear a

Caixa para que puidese seguir existindo e non fose absorbida por outra entidade de crédito allea a provincia. Entre as medidas propostas estaba a de desfacerse das inversións que non obedecesen estritamente ao negocio financeiro. Entre elas a explotación do Monte da Gonza. Mais desprenderse do patacal tiña o problema de que a ningún lle interesaba.

Nesa situación, e co Banco de España ameazando, á Caixa pasoulle pola cabeza a posibilidade de crear un padroado coa participación da Delegación provincial de Agricultura, da Cámara Oficial Sindical Agraria (COSA), e dos concellos de Viana e A Veiga. A Caixa cedía de balde as instalacións, o mobiliario e os equipos humanos da explotación.

A proposta rexéitase. A COSA non estaba pola labor xa que miraba prioritariamente polos intereses dos produtores de patacas da desecada Lagoa de Antela que vían na explotación a súa máis directa competencia. E os concellos de Viana e a Veiga eran reticentes a embarcarse en maiores gastos.

Como consecuencia a Caixa desfaiuse do patacal da Gonza, como viña esixindo o Banco de



Explotación do monte da Gonza en 1965

España, revertendo a concesión administrativa ao Ministerio de Agricultura e regalando as instalacións aos concellos da Veiga e de Viana que abandonadas son hoxe ruínas no medio da nada. En canto ao persoal da explotación: os máis cualificados mantívonse ligados á entidade que tamén era dona, desde os anos cincuenta, dunha granxa gandeira en Valverde de Allariz, mentres que ao resto despedíronos despois de tramitar un expediente de regulación de emprego.

#### Fontes:

- Actas do Consello de Administración da *Caja de Ahorros Provincial de Orense*.
- *Archivo General de la Administración (AGA)*.
- *La Región*.
- *Memorias de Caixa Ourense*.

## UN DOS NOSOS

## Juan Antonio Álvarez Quiroga "Barato"

Aos 95 anos, o pasado 14 de setembro, finou na súa casa de Portela, Vilamartín de Valdeorras, Juan Antonio Álvarez Quiroga "O Barato". Ao contrario das vicisitudes da súa traxectoria vital apagouse placidamente rodeado dos acordos da Internacional que pedira escoitar por derradeira vez.



Coincidiu a súa desaparición coa morte na mesma semana en París de Antonia Rodríguez López, de Soulecin. Os dous vellos compañeiros que participaron durante a "longa noite de pedra" da loita antifranquista.

O día 16 no cemiterio de san Xulián de Portela, coa simpleza e exemplo que foi a súa norma de conduta, os

familiares e amigos despedímolo en medio da emotividade contida que desatou unha sinxela gaita aos acordos do Himno Galego.

Juan Antonio nacera nunha familia labrega que como tantas outras acollera a proclamación da Segunda República como ferramenta para avanzar nos seculares anhelos de liberdade, igualdade e progreso social. Dende moi novo xunto cos mozos da aldea montara unha pequena agrupación na órbita da esquerda social e republicana que provocou a inimizade dos veciños dereitistas e especialmente do crego da parroquia. Xa no ano de 1934 foi xulgado, xunto con catro compañeiros, por unha denuncia do párroco por tocar as campás de san Xulián.

Tras o golpe militar de xullo do 36 escapou ao monte e integrouse nos primeiros grupos de fuxidos que sobrevivían polas serras da comarca. Fracasou no intento de chegar a zona leal de Asturias xunto con 16 compañeiros. No estremeiro concello leonés de Oencia, toparon coas patrullas militares que acabaron coa vida de tres dos expedicionarios. Volveu aos montes de Portela e ao caer gravemente enfermo a familia logrou agochalo nun toque na corte das vacas onde se entoupou durante 13 meses.

Tras curar intentou chegar a Francia mais fracasou

no paso do Bidasoa por Irún. De novo volveu a Portela e para normalizar a vida, e ante a promesa franquista de que non sería castigado, alistouse na Lexión. Estando servindo en África reclamouno a xustiza militar de Ourense. De cadea en cadea tardou tres meses en chegar a cárcere de Ourense, onde pasou oito meses, ata sufrir un consello de guerra que o condenou a cadea perpetua por "adhesión a la rebelión". Proceso no que tamén xulgaron a catro dos seus compañeiros de Portela: Antonio Fernández "Garabolla"; José Sández García; Antonio Rodríguez García; e José Luis Delgado Núñez, a quen fusilaron; sufrindo os demais distintas sortes.

"O Barato" recurriu a pena imposta e rebaixáronlla a 30 anos de reclusión. Mediante un dos múltiples indultos do ditador, que tiñan por finalidade desconexión das cadeas, retornou a Portela a finais dos anos coirenta e traballou de labrego e de tratante de gando polas feiras da comarca. Mais non esqueceu aos homes que nas serras continuaban loitando contra da ditadura franquista aos que tratou de auxiliar sempre que puido.

A vida de Juan Antonio non se pode entender sen a axuda dos pais e irmás, que por salvalo padeceron durante anos a irracional violencia fascista. Porque tanto o Barato como a familia cando no 1936 o exército dá o golpe de Estado contra do goberno constitucional non se inhibiron na defensa da República. Non participaron da idea de que eran iguais os agresores que os agredidos, nin se declararon neutrais nin espectadores do conflito.

A súa integridade persoal non pecou por inacción ou inhibición e botouse a defender as ideas que de mozo arraigaran na súa personalidade. Durante a súa longa vida nunca abandonou o principio que a especie humana forma unha gran familia de membros iguais, sen distinción de razas, de relixións, ou de constituicións políticas, e que á restauración desa unidade rota deben de tender os esforzos dos mellores homes.

Coas mortes de "O Barato" e de Antonia Rodríguez López, a comarca de Valdeorras perde dous referentes éticos, vidas exemplares para calquera veciño que aspire cando menos a un mundo máis xusto. **F.G.**

## VIIª Semana Republicana "14 de Abril" 2013

- Venres, día 12, no *Salón Multiusos* do Concello de O Barco:
  - ás 19.00 h., proxección do documental "*O segredo da Frouxeira*", e
  - ás 20.30 h., conferencia "*Prespectivas republicanas*", por Yolanda Díaz, deputada da Alternativa Galega de Esquerda.
- Sábado, día 13, no *Teatro Lauro Olmo*,
  - ás 20.00 h., representación de "*Preguntas sobre o meu pai*", de Silvia Romaus, e
  - ás 22.30 h., **Cea Republicana**.
- Domingo, día 14, ás 12.00 h., **ofrenda floral** aos Represaliados polo franquismo.

